

**ACTA NUMERO VINTEOITO DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTENOVE
DE SETEMBRO DE DOUS MIL NOVE : - - - - -**

PRESIDENTA:

D^a. Catalina González Bea

CONCELLEIROS:

- D. Salvador Duran Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Angel Casal Moldes
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D^a Susana Fernández Trelles
- D. Martín Otero Otero
- D^a Gloria González Camiña
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Albino Caneda González
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José-Ramón López Fernández
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

NON ASISTE:

D. Manuel Lores Puente

SECRETARIO :

D. Ángel – Luis López Pita.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta cinco minutos do día vintenove de Setembro de dous mil nove.- Baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse no Salón de Sesións os Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan co fin de celebra-la sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta e pública a sesión, ó obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. Faise consta-lo momento de entrada e saída de cada Concelleiro no Salón de Sesións.---

A) PARTE DISPOSITIVA :

ACTA ANTERIOR :

311 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE XULLO DE 2009 : Pola Sra. **Presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún Concelleiro ten que formular algunha observación á acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, aprobouse a referenciada acta por unanimidade.-----

312 : APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CONSOLIDADA DO EXERCICIO 2008 : O Sr. **Secretario** indicou que a Conta consta de 26 tomos, complementada coa memoria do Interventor Xeral de data 25.06.09, que ten 60 folios cos seus anexos correspondentes, que a Comisión Informativa Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio, na sesión celebrada o 17.07.09, elaborou o informe da Conta Xeral do exercicio de 2008 e que, durante o prazo de exposición ao público da referida Conta Xeral, unha vez informada pola Comisión Informativa Especial de Contas, non se presentaron suxestións, reparos ou observacións.

Sometida a citada **Conta Xeral Consolidada do ano 2008** do Concello de Sanxenxo a votación acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor : 11 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Votos en contra : 1 (Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 3 (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, a Corporación Municipal, por maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar a **Conta Xeral Consolidada do ano 2008** do Concello de Sanxenxo, que consta de 26 tomos, complementada coa memoria do Interventor Xeral de data 25.06.09, que consta de 60 folios cos seus anexos correspondentes e que informouse pola Comisión Informativa Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 17.07.09.

SEGUNDO: Remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado.”-----

313 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL : Polo Sr. **Secretario** dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 24 de Setembro actual.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, amosou a súa postura negativa a este regulamento, tanto polo fondo como na forma do seu tratamento, posto que se privou do estudo aos concelleiros e debeu debaterse máis. Reitérase no exposto na súa alegación e destaca que a Xunta de Galicia lexislou en contra do Tribunal Constitucional no referente ao voto ponderado infrinxindo o artigo 23 da Constitución Española, sendo polo tanto, impugnabile, o que fará en caso de que non se acepte o contido da súa alegación. Tamén amosouse a favor das alegacións presentadas polos particulares que están na liña de defensa dos dereitos dos concelleiros e solicitou que se vote individualmente cada unha das alegacións.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista**, indicou que senón se limitase o número de mocións, rogos e preguntas, votaría a favor do regulamento, tendo en conta que sempre se podía reducir a súa amplitude mediante un acordo dos diversos Grupos Políticos.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do B.N.G.**, aludiu a que se aceptaron as súas alegacións de menor calado e se rexeitaron as máis importantes e que podían ser útiles para o presente e futuro. Parecelle boa idea a elaboración do regulamento pero de nada sirve este senón se cumpren as expectativas de tódolos Grupos Políticos, o que debeu facerse cun tratamento distinto deste asunto en comisión e chegando a acordos. Proseguiu dicindo que este regulamento só cumpre as expectativas do grupo de goberno, non se aposta pola Xunta de Voceiros e aporta unha regulación igual para calquera tipo de plenos, cun mesmo tempo de intervención, o que non lle parece adecuado cando é a propia oposición a que solicita a celebración das sesións. Tamén debería diferenciarse entre mocións urxentes e as presentadas con antelación por rexistro pero sen urxencia. Dado que segundo informa o Sr. Secretario non existen practicamente problemas de legalidade nas alegacións, a denegación destas é por criterios políticos.

A Sra. **Alcaldesa**, referiuse ao dito polo Sr. Rodríguez Lorenzo nos xornais sobre que o grupo de goberno daba por aprobado o regulamento cando o único que dixeran era que ían a votar a favor. En canto ao propio contido do regulamento, este non ten carácter político, regula os tempos de intervención e participación, lembrando que o voto ponderado favorece, precisamente, ao representante do VIPS, ao ser concelleiro único no seu Grupo. Incidiu en que se recolleron a maior parte das alegacións, sempre que permitiran un método de traballo eficaz para un Concello deste tamaño. Sinalou que aceptaría a non limitación do número de mocións, rogos e preguntas, se os plenos se poñen as dez da mañá para poder tratalos todos asuntos. Tamén citou, que durante moitos anos non se necesitou este regulamento pero, hoxe en día, é necesario porque hai concelleiros que ocupan coas súas intervencións a maior parte do pleno acumulando mocións, rogos e preguntas que ocasionan atrasos como o demostra que hoxe se estean a debater preguntas do pleno do mes de maio.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** brindouse, se se elimina o límite ao número de mocións, rogos e preguntas, a facelas máis breves, pero non pode estar de acordo co recorte dos dereitos políticos dos concelleiros e precisou que con este regulamento se necesitará o quorum de maioría absoluta para debate-las mocións que se presentan ao pleno, tamén se elimina unha quenda de intervención e ademais non ve a necesidade da Xunta de Voceiros por canto as comisións informativas de un solo membro por Grupo practicamente asumen ese carácter. Por último aludiu a que a Alcaldesa se equivocou ao levar unha proposta co ditame incorporado e pechado á comisión e dixo que a el lle valía perfectamente calquera hora de realización do pleno.

A **Sra. Aguín Pombo** sinalou que non fixeron política deste tema, xa que consideran necesario un regulamento, aínda que non están de acordo co límite do número de mocións, xa que unha redución do seu contido podía permitir o tratamento de todas elas sen necesidade de acudir a un horario de mañá, posto que o de tarde é bo para facilitar a asistencia de concelleiros e público ás sesións.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou a súa preocupación pola imaxe que se lle está dando ao pobo de falta de acordo entre os Grupos Políticos, incluso para un asunto tan interno como este, aínda que a responsabilidade non é igual para todos, senón moito maior para o grupo de goberno. Pechou a súa intervención para dicir que con este regulamento se vai a seguir como antes, sen vontade de que o funcionamento municipal sexa máis próximo, sinxelo e eficaz.

A **Sra. Alcaldesa** lembrou que recolleu varias das alegacións feitas polo BNG e espera que, alomenos, respecto destas consideren que serven para mellorar o funcionamento do pleno. Reiterou que a situación actual obriga a existencia do regulamento e que xa, anteriormente, nesta lexislatura, existiu un intento de tramitación que non prosperou. Tamén amosou a súa conformidade co que seguira o horario de tarde polas razóns expostas en anteriores intervencións e finalizou sinalando que votarían a favor para conseguir un funcionamento operativo das sesións evitando que os temas se acumulen, tal e como sucede agora.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que deuse o seguinte resultado :

Votos a **favor** : nove (**Grupo Municipal do P.P.**)

Votos en **contra** : seis (**Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto**)

Abstencións : cero

En consecuencia o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo :

“PRIMEIRO: Estimar, en todo o seu contido, as alegacións presentadas ao Regulamento Orgánico do Concello de Sanxenxo (en adiante ROC) aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o 28-VII-2.009 e que, a continuación, cítanse:

** Alegacións do **Grupo Municipal do B.N.G.** do Concello de Sanxenxo aos artigos 21, 25, 33 e 34 do ROC.

**** Alegacións 1ª, 2ª e 3ª de Dª Dulcinea Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista** do Concello de Sanxenxo, substituíndo, tal como se indica no informe de secretaría, na alegación 1ª a expresión “do seu grupo de procedencia” pola de “da formación política que presentou a candidatura pola que concorreron as eleccións”, a efectos de equiparar o contido do artigo citado do ROC co do artigo 73.3 da Lei de Bases da Réxime Local.

SEGUNDO: Estimar parcialmente as alegacións presentadas ao ROC aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o 28-VII-2.009 que a continuación cítanse:

**** Alegación do Grupo Municipal do B.N.G.** do Concello de Sanxenxo ao artigo 18 do ROC en todo o seu contido agás o referente a retirada do parágrafo “cando esta o estime oportuno”.

**** Alegación de D. José Luis Rodríguez Lorenzo, representante municipal do Partido Veciños Independentes de Sanxenxo** ao artigo 7.1.a) no referente a limitación das copias, estendendo o libramento das mesmas a tódolos supostos do artigo 6 do ROC, en consonancia co citado no informe de secretaría .

TERCEIRO: Desestima-las alegacións presentadas ao ROC aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o 28-VII-2.009 polo **Grupo Municipal do B.N.G.** do Concello de Sanxenxo, por **D. José Luis Rodríguez Lorenzo**, representante municipal do **Partido Veciños Independentes de Sanxenxo** e por **Dª Dulcinea Aguín Pombo**, voceira do **Grupo Municipal Socialista** do Concello de Sanxenxo, non incluídas nos puntos 1º e 2º deste acordo así como as presentadas por **D.Xosé Lois González Álvarez** e por **Dª Miryam García Radío** ao ROC.

CUARTO: Aprobar definitivamente o ROC do Concello de Sanxenxo que a continuación transcríbese no que figura incorporado o contido das alegacións estimadas nos puntos 1º e 2º deste acordo :

“REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE SANXENXO

TITULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.-

En exercicio das potestades regulamentaria e de autoorganización que lle recoñecen a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Concello de Sanxenxo (na diante Concello) establece mediante o presente Regulamento a súa organización e a súa réxime de funcionamento.

Artigo 2.-

A organización e funcionamento interno do Concello, axustarase á seguinte orde xerárquica de fontes normativas:

- a) Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladoras das Bases de Réxime Local.
- b) Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia.

c) Regulamento Orgánico Municipal.

d) Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

TITULO I

MEMBROS DA CORPORACIÓN

CAPITULO I - DOS CONCELEIROS / AS

Artigo 3.-

A determinación do número de membros do Concello, o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os casos de inelixibilidade e incompatibilidade son os regulados na lexislación electoral xeral.

Artigo 4.-

1. Os concelleiros/as teñen dereito a asistir con voz e voto ás sesións do Pleno e ás doutros órganos colexiados dos que formen parte.

2. Agás xusta causa que o impida, as ausencias do término municipal de duración superior a oito días, deberán de ser comunicadas ao Alcaldía por escrito, ben persoalmente ou a través do Portavoz do grupo político, concretándose a duración previsible da mesma.

Artigo 5.-

1. Tódolos concelleiros/as teñen dereito a obter da Alcaldía e da Xunta de Goberno Local o acceso aos antecedentes, datos e información que, obrando en poder dos servizos municipais, resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

2. A petición de acceso ás informacións entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local non diten resolución ou acordo denegatorio no termino de cinco días naturais, a contar dende a data da solicitude.

Este dereito exercitarase de forma que non se vexa afectado o funcionamento dos servizos municipais, debendo a petición concretar indubidadamente a documentación pedida, sen que poida aceptarse unha solicitude xenérica ou inconcreta.

Se a solicitude contivese, aínda que efectivamente concretados, un elevado número de documentos ou expedientes, na contestación da Alcaldía a petición poderán fixarse distintos prazos de entrega para a consulta da documentación solicitada a efectos de garantir un correcto funcionamento dos servizos municipais.

Este dereito non ampara a emisión de novos informes ou a redacción de documentos distintos dos que xa figuren nos expedientes municipais.

3. A denegación do acceso a documentación informativa deberá motivarse.

Artigo 6.-

Non obstante o disposto no número 1 do artigo anterior, os servizos administrativos municipais ou os funcionarios correspondentes estarán obrigados a facilitar a información sen necesidade de que o concelleiro/a acredite estar autorizado nos seguintes casos:

a) Cando se trate do acceso dos concelleiros/as que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión á información propia das mesmas.

b) Cando se trate do acceso de calquera concelleiro/a á información e documentación correspondente aos asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados de que formen parte, así como ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.

c) Cando se trate do acceso dos concelleiros/as á información ou documentación do Concello que sexa de libre acceso para os cidadáns. Si se trata de expedientes terminados na data da solicitude deberá formularse petición individualizada dos documentos que se desexe consultar, sen que quepa, agás para a súa consideración con carácter potestativo, formular solicitude xenérica sobre unha materia ou conxunto de materias.

Artigo 7.-

1. A consulta e exame dos expedientes, libros e documentación en xeral rexeráse polas seguintes normas:

a) A consulta xeral de calquera expediente ou antecedente documental poderá realizarse no arquivo xeral ou na dependencia onde se atope, mediante entrega dos mesmos ao concelleiro/a interesado para que poda examinalos.

O libramento de copias e a expedición de certificacións limitarase aos casos citados no artigo anterior e aos supostos en que isto sexa autorizado pola Alcaldía.

Se a solicitude contivese, aínda reunindo as condicións necesarias para a súa aceptación, o libramento dun elevado número de copias ou de certificacións a expedir, a Alcaldía poderá fixar distintos prazos de entrega a efectos de garantir un correcto funcionamento dos servizos municipais.

b) En ningún caso os expedientes, libros ou documentación poderán saír da Casa Consistorial ou da correspondente dependencia ou oficina municipal.

c) A consulta dos libros de actas e dos libros de resolucións deberá efectuarse no Arquivo ou na Secretaría Xeral.

d) O exame de expedientes sometidos a sesión poderá facerse só no lugar en que se atopen de manifesto a partir da convocatoria.

2. No suposto de entrega previsto no apartado a) do número anterior e a efectos do oportuno control administrativo, o interesado deberá asinar un acuse de recibo e terá a obriga de devolver o expediente ou documento unha vez examinado, non podendo nunca entorpecer o trámite do expediente en cuestión. Se chegada a hora de peche das oficinas non se acabase de examinar o expediente, devolverase ao funcionario encargado da súa custodia, sen prexuízo de volver a pedilo ao día seguinte.

CAPITULO II - DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Artigo 8.-

1. Os concelleiros/as, a efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos correspondentes aos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtivesen postos na Corporación.

2. Cada partido político, federación, coalición ou agrupación constituirá un único grupo.

3. Ningún concelleiro/a pode pertencer a máis dun grupo.

Artigo 9.-

1. O número mínimo de concelleiros/as para constituír un grupo é de dous. Integraranse en todo caso no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtivesen dito mínimo.

2. Durante o mandato da Corporación ningún concelleiro/a poderá integrarse nun grupo distinto daquel no que o faga inicialmente.

Artigo 10.-

1. Os grupos políticos municipais constituiranse mediante escrito dirixido a Alcaldía e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaria Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

2. No mesmo escrito de constitución farase constar a designación do Portavoz do Grupo, podendo designarse tamén suplentes. Durante o mandato electoral os grupos políticos poderán cambiar de portavoz para o que deberán presentar un escrito cos mesmos requisitos que o de nomeamento inicial.

3. No caso de que existira mais dun membro no Grupo Mixto, os seus compoñentes exercerán por rotación o cargo de portavoz. A duración de cada rotación resultará de dividir o período de vixencia do mandato electoral polo número de compoñentes do Grupo Mixto, empezando a rotación polo concelleiro/a que forma parte da lista mais votada e seguindo pola orde de maior a menor número de votos nas eleccións municipais.

4. Da constitución dos grupos políticos municipais, dos seus integrantes e portavoces, o Alcalde dará conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto no número 1 deste artigo .

5. Cando para cubrir unha baixa se produza a incorporación ao Concello dun concelleiro/a, este disporá dun prazo de cinco días hábiles, a partir da sesión na que tome posesión do seu cargo, para integrarse no grupo que corresponda a formación electoral pola que resultou elixido ou no grupo mixto cando o substituído formara parte de este, o que acreditará mediante escrito dirixido a Alcaldía e asinado tamén polo portavoz correspondente, agás no caso de que se trate dun grupo mixto dun único membro, suposto no que bastará o escrito do concelleiro/a.

6. Cando a maioría dos concelleiros/as dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron as eleccións ou sexan expulsados da mesma, serán os concelleiros/as que permanezan na citada formación política os lexítimos integrantes de dito grupo político a tódolos efectos.

Artigo 11.-

Corresponde aos grupos políticos designar, mediante escrito do seu portavoz dirixido a Alcaldía, aqueles dos seus compoñentes que vaian a representalos en tódolos órganos colexiados integrados por concelleiros/as pertencentes aos diversos grupos.

CAPITULO III - CONCELEIROS/AS NOS ADSCRITOS

Artigo 12.-

1. Terán a consideración de concelleiros/as non adscritos aqueles que non se integren no grupo político correspondente á formación electoral pola que foron elixidos, que abandonen o seu grupo de procedencia ou que sexan expulsados da formación política que presentou a candidatura pola que concorreron as eleccións.

Esta previsión non será de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral, cando algún dos partidos políticos que a integren decidan abandonala.

2. Os concelleiros/as non adscritos actuarán individualmente, non formarán grupo político e polo tanto non poderán escoller portavoz nin gozar dos dereitos económicos e políticos recoñecidos aos grupos, sen prexuízo dos seus dereitos como concelleiros/as, que exercerán na forma prevista no presente Regulamento.

3. Aos Grupos Municipais facilitaráselles o uso das instalacións municipais para o desenvolvemento da súa actividade, no caso de que o edificio da Casa do Concello, a dispoñibilidade de estancias e o normal desenrolo da actividade administrativa o permitan.

Aos Grupos Municipais facilitaráselles un local da Casa do Concello para as comparecencias ante os medios de comunicación, previa solicitude, sempre que sexan relacionadas con temas municipais.

TITULO II

ÓRGANOS DO CONCELLO

CAPITULO I - DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Artigo 13.-

O Pleno está integrado por tódolos Concelleiros/as e polo Alcalde/sa, que o preside.

O Pleno pode efectuar delegacións de atribucións na Alcaldía e na Xunta de Goberno Local conforme a normativa vixente.

Artigo 14.-

1. A Xunta de Goberno Local está integrada polo Alcalde/sa, que a preside e un número de concelleiros/as non superior ao terzo do número legal de membros da Corporación, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

2. É atribución propia e indelegable da Xunta de Goberno Local a asistencia permanente a Alcaldía no exercicio das súas atribucións. Así mesmo exercerá a Xunta de Goberno Local as atribucións que lle deleguen o Pleno ou a Alcaldía e as que lle asigne a normativa vixente en cada momento.

3. A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria con periodicidade quincenal, no día e hora que a Alcaldía estableza mediante Decreto e extraordinaria ou extraordinaria urxente cando o decida a Alcaldía.

CAPITULO II - DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Artigo 15.-

1. As Comisións Informativas son órganos municipais, sen atribucións resolutorias, que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que someteranse á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, agás cando se adopten acordos polo trámite de urxencia sobre os que non cabe ningún outro trámite de carácter informativo ou consultivo, previa ou posteriormente, a súa adopción.

2. Son Comisións Informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuíndo entre elas as materias que deban someterse ao Pleno. O seu número e denominación iniciais decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta da Alcaldía en sesión celebrada dentro do mes seguinte ao da constitución da Corporación, sen prexuízo das variacións posteriores que se consideren oportunas.

3. Son Comisións Informativas especiais as que se constitúen para un asunto concreto en consideración ás súas características especiais de calquera tipo, que se extinguen unha vez ditaminado o asunto que constitúe o seu obxecto, agás que dispoña outra cousa o acordo plenario que as creou.

Artigo 16.-

1. As Comisións Informativas intégranse por un compoñente de cada grupo político municipal. No caso da existencia de concelleiros/as non adscritos correspóndelle a totalidade destes un membro en cada Comisión Informativa, incluída a de Contas. A Presidencia nata correspóndelle ao Alcalde/sa, podendo delegar a Presidencia efectiva en calquera dos membros da Comisión. No caso de que non se delegue a Presidencia, o Alcalde/sa asumirá a representación, como membro da Comisión, do grupo político do que forme parte.

2. Os ditames aprobaranse polo sistema de voto ponderado mediante o que se concede a cada membro da Comisión un número de votos igual ao número de compoñentes do grupo político a quen representa ou, no caso do concelleiro/a non adscrito membro da Comisión, ao número total de concelleiros/as non adscritos que existan na Corporación.

3. A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma, en representación de cada Grupo, realizarase mediante escrito do portavoz correspondente dirixido a Alcaldía, do que se dará conta ao Pleno. De igual forma, poderanse designar suplentes para os titulares. No suposto da existencia de concelleiros/as non adscritos a distribución realizarase mediante escrito dirixido a Alcaldía asinado pola totalidade de corporativos que teñan este carácter no que establecerán unha quenda rotatoria de integración en cada Comisión, incluída a de Contas, durante o mandato electoral.

4. As Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa mesma periodicidade que o Pleno, no día e hora que estableza a Alcaldía, quen poderá convocar sesións extraordinarias ou urxentes.

5. A Presidencia poderá convocar, para que asistan con voz e sen voto, aos concelleiros/as delegados das áreas ou servizos as sesións das Comisións das que non sexan membros sempre que se traten cuestións correspondentes a súa competencia.

Artigo 17.-

1. Á Comisión Especial de Contas, órgano de carácter preceptivo, correspóndelle o exame, estudio e informe de todas as contas presupostarias e extrapresupostarias que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da facenda local.
2. A súa constitución, composición, integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais Comisións Informativas.

CAPITULO III - DA XUNTA DE PORTAVOCES

Artigo 18.-

A Xunta de Portavoces é un órgano de carácter deliberante e consultivo, sen facultades resolutorias, formado por tódolos portavoces dos distintos grupos políticos baixo a Presidencia da Alcaldía, que ten por función o asesoramento e asistencia á Alcaldía, cando esta o estime necesario, para a adopción de decisións de carácter corporativo, formación da orde do día e desenvolvemento das sesións plenarias, actos de representación institucional e protocolaria da Corporación e outorgamento de distincións honoríficas e relacións dos grupos municipais entre si e cos diferentes órganos corporativos.

Artigo 19.-

1. A Xunta de Portavoces creárase por resolución da Alcaldía tan pronto como se celebre a sesión plenaria na que se formalice a organización do Concello dentro do mes seguinte ao da constitución da Corporación, constituíndose a mesma na primeira sesión que celebre.
2. A Xunta de Portavoces reunírase cando sexa convocada pola Alcaldía.
3. A convocatoria da Xunta de Portavoces corresponde a Alcaldía con, alomenos, 24 horas de antelación e non precisa de formalidade algunha.
4. O acordado na Xunta de Portavoces non precisará a redacción de actas, se ben poderá formalizarse, nalgún caso concreto, en documentos asinados polos intervenientes.

CAPITULO IV - FUNCIONAMENTO DO PLENO

SECCIÓN 1ª - DAS SESIÓNS

Artigo 20.-

1. As Sesións do Pleno celebraranse necesariamente no Salón de Plenos da Casa Consistorial.
2. En caso de forza maior, a Alcaldía, oída a Xunta de Portavoces, poderá dispoñer a celebración da sesión noutro local ou edificio adecuado, mediante resolución motivada e previa á da convocatoria do Pleno, notificada a tódolos membros da Corporación.
3. Os concelleiros/as tomarán asento no salón de sesións conforme á súa adscrición aos grupos políticos municipais. A Alcaldía, oída a Xunta de Portavoces, determinará a orde de colocación dos grupos dando preferencia ao formado polos concelleiros/as da lista que obtivese maior número de votos. En calquera caso, a disposición tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

Artigo 21.-

O Pleno poderá reunirse en sesións ordinarias, extraordinarias e extraordinarias de carácter urxente.

O Pleno celebrará sesión ordinaria cada dous meses como mínimo, no día e hora que acorde.

A Alcaldía, por propia iniciativa ou a petición da Xunta de Portavoces, poderá variar por circunstancias excepcionais e xustificadas o día de celebración dalgunha sesión ordinaria, apartándose o menos posible do acordado polo Pleno, comunicándoo aos interesados e publicándoo no taboleiro de anuncios coa maior antelación posible.

Artigo 22.-

As sesións poden celebrarse en primeira ou segunda convocatoria. A segunda convocatoria terá lugar dous días despois do sinalado para a primeira ou ó día seguinte hábil se coincidise en sábado ou festivo, sen que sexa necesario o envío da Orde do Día, pero si a notificación de celebración en segunda convocatoria.

Artigo 23.-

O Pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida a Alcaldía ou o solicite a cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación, sen que ningún concelleiro/a poida solicitar máis de tres anualmente. Neste último caso, a celebración do mesmo non poderá demorarse por mais de quince días hábiles dende que fose solicitada, non podendo incorporarse o asunto á Orde do Día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario con mais asuntos, se non o autorizan expresamente os solicitantes da convocatoria.

Se a Presidencia non convocase o pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros/as indicado dentro do prazo sinalado, quedarán automaticamente convocados para o décimo día hábil seguinte ao de finalización de dito prazo, as doce horas, o que será notificado polo Secretario da Corporación a tódolos membros da mesma ao día seguinte ao de remate do prazo citado anteriormente. En ausencia da Presidente/a ou de quen legalmente deba substituílo, o Pleno quedará validamente constituído sempre que concorran, alomenos, un terzo do número legal de membros do mesmo sendo presidido neste caso polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes.

Artigo 24.-

Se a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permite convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixida pola Lei, a Alcaldía poderá convocar sesión extraordinaria con carácter urxente.

Neste caso debe incluírse como primeiro punto da Orde do Día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia. Se esta non resulta apreciada co quórum de maioría simple, levantarase acto seguido a sesión.

Artigo 25.-

Toda sesión, ordinaria ou extraordinaria, respectará o principio de unidade de acto e rematará o mesmo día do seu comezo. Si se dese o suposto anterior, a Presidencia levantará a sesión e poderá incluír os asuntos pendentes na orde do día da seguinte sesión que se celebre, agás o referente a mocións, rogos e preguntas que teñen un tratamento específico neste regulamento.

Durante o transcurso da sesión, a Presidencia poderá acordar interrupcións ao seu prudente arbitrio para permitir as deliberacións dos grupos por separado sobre a cuestión debatida ou para descanso dos debates.

SECCIÓN 2ª - CONVOCATORIAS E ORDE DO DÍA

Artigo 26.-

1. Corresponde a Alcaldía convocar tódalas sesións do Pleno.

2. Tanto as sesións ordinarias como as extraordinarias que non sexan de carácter urxente, terán que convocarse, alomenos, con dous días hábiles de antelación. A convocatoria, xunto coa Orde do Día e as actas de sesións anteriores que deban aprobarse na sesión convocada, notificaranse aos concelleiros/as no seu enderezo, sempre e cando estea no término municipal de Sanxenxo. No suposto de que non sexa así, deberá indicar un punto de entrega no Concello, onde se lle realizará a notificación.

Artigo 27.-

A Orde do Día das sesións a fixará a Alcaldía, asistida do Secretario. Así mesmo poderá solicitar a asistencia dos membros da Xunta de Goberno Local e consultar, si o estima oportuno, á Xunta de Portavoces.

Na Orde do Día incluíranse os asuntos ditaminados ou informados nas Comisións Informativas que correspondan.

A Alcaldía poderá incluír na Orde do Día, coa denominación de proposición, asuntos non informados ou ditaminados previamente pola respectiva Comisión Informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique, por maioría simple, a súa inclusión na orde do día con anterioridade ao comezo do debate .

Na Orde do Día das sesións ordinarias incluírase unha parte diferenciada dedicada ao control dos demais órganos da corporación que se denominará "Actividade de Control" e que incluírá, como mínimo, os puntos de dación de conta das Resolucións da Alcaldía e de rogos e preguntas por este orde. Ademais, antes do punto correspondente a rogos e preguntas, procederá o tratamento das mocións de urxencia.

Artigo 28.-

Toda a documentación dos asuntos incluídos na Orde do día que debe servir de base ao debate e, no seu caso, a votación figurará a disposición de tódolos concelleiros/as dende o mesmo día da convocatoria na Secretaria da Corporación. Calquera concelleiro/a poderá, en consecuencia, examinala e obter copias de documentos concretos que a integren, pero os orixinais non poderán saír do lugar en que se atopen postos de manifesto. O horario para exame de expedientes será o normal de oficinas.

SECCIÓN 3ª - DOS DEBATES

Artigo 29.-

A consideración de cada punto incluído na orde do día comezará coa lectura íntegra ou en extracto polo Secretario da parte dispositiva do ditame formulado pola Comisión Informativa correspondente ou, si se trata dun asunto non ditaminado pola mesma, da proposición que se somete ao Pleno. No caso de que se tratase dun asunto informado negativamente pola Comisión Informativa darase lectura íntegra ou en extracto polo Secretario da parte dispositiva da proposta e do resultado do informe en Comisión.

Artigo 30.-

1. Correspóndelle á Presidencia dirixir os debates e manter a súa orde. Só poderá facerse uso da palabra previa autorización da Presidencia.

2. Na administración do tempo do debate a Presidencia terá en conta o previsto neste regulamento.

3. As quendas xerais de intervención dos grupos políticos municipais, agás a inicial de exposición e xustificación, serán en orde a súa importancia numérica e, no caso de empate, o que teña maior número de votos populares, rematando cos concelleiros/as non adscritos que intervirán, a súa vez, pola orde de antigüidade nesta condición e, no caso de igualdade por este criterio, pola orde acordada entre eles e posta en coñecemento da Presidencia por escrito, quedando facultada esta, a falta deste escrito, para determinar a orde que estime conveniente.

a) O debate iniciarase cunha exposición e xustificación do ditame ou proposta a cargo dun concelleiro/a que asinou a proposición do acordo, que terá a consideración de concelleiro/a poñente e que non se prolongará máis de cinco minutos, agás no caso de que o concelleiro/a poñente fose un concelleiro/a non adscrito e existise mais dun edil con este carácter, suposto no que terase en conta a prevención disposta no apartado b) deste punto.

A proposición e xustificación das propostas da Alcaldía poderá ser efectuada por esta ou polo concelleiro/a que ela determine.

b) A continuación, os diversos grupos terán unha primeira quenda que non excederá de cinco minutos por cada grupo, agás aquel do que forme parte o concelleiro/a poñente que xa a consumiu coa primeira intervención de exposición e xustificación. O conxunto dos concelleiros/as non adscritos terán dereito a consumir unha primeira quenda de cinco minutos, incluída a de exposición ou xustificación debendo repartilas por acordo entre eles. A falta de acordo, o tempo distribuirase proporcionalmente entre os que desexasen intervenir.

c) Se o solicitara algún grupo, procederase a unha segunda quenda de intervencións que non excederá de tres minutos por cada grupo e para o conxunto dos concelleiros/as non adscritos, na que poderá intervenir, por cada grupo político, un concelleiro/a distinto do que o fixo na primeira quenda e que desenvolverase pola mesma orde que na primeira quenda.

O debate pecharase a finalización da segunda quenda ou, se non se producise esta, ao remate da primeira, cunha intervención, se así o estimase, do concelleiro/a poñente ou doutro membro do grupo político ao que pertenza aquel, non superior a tres minutos.

Poderá acordarse pola Presidencia unha duración superior para as quendas de intervención dos diversos grupos para aqueles asuntos que pola súa transcendencia así o requiran.

Transcorrido o tempo establecido para cada intervención a Presidencia retiralle a palabra ao concelleiro/a no uso da mesma, logo de advertirle que debe concluír a súa intervención.

4. A Presidencia poderá chamar á orde ao concelleiro/a que:

- a) Profira palabras ou emita comentarios ofensivos ao decoro da corporacións ou dos seus membros, das institucións públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.
- b) Altere a orde das sesións ou produza interrupcións.
- c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fora concedida ou unha vez lle fora retirada.

5. Á terceira chamada á orde nunha mesma sesión, coa advertencia na segunda das consecuencias desa terceira, a Presidencia poderá ordenar ao concelleiro/a que abandone o local onde se está a celebrar a sesión, tomando as medidas oportunas para facer efectiva tal expulsión.

6. Corresponde a Presidencia velar pola orde entre o público asistente as sesións da corporación en Pleno, podendo expulsar a aqueles que a perturben, falten á debida compostura ou dean mostras de aprobación ou desaprobación.

Artigo 31.-

1. Voto particular e a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa na que se tratou o asunto. Debe ser anunciada a súa presentación verbalmente na sesión da Comisión Informativa na que se ditaminou o asunto e presentarse por escrito rexistrado de entrada no Concello o día seguinte hábil ao da celebración da sesión da Comisión Informativa na que se anunciou a súa presentación.

2. Emenda é a proposta de modificación dun ditame ou proposición de acordo presentada por calquera membro da Corporación por escrito rexistrado de entrada no Concello con 48 horas de antelación ao da celebración da sesión.

3. Tanto o voto particular como a emenda expresarán literalmente o texto da parte dispositiva que se propón para substituír ao ditame ou proposición e poderán ser a totalidade ou parcial segundo se pretenda substituír a totalidade da parte dispositiva do acordo ou parte daquela.

4. Os votos particulares e as emendas votaranse sempre ao final do debate, despois da petición de que o asunto quedase sobre a mesa, no caso de que se formulase esta solicitude por algún membro da Corporación e antes da votación do ditame ou proposición. En primeiro lugar votaranse os votos particulares e emendas a totalidade pola orde de presentación en rexistro de entrada. No caso de que se aprobe algún voto particular ou emenda a totalidade tal aprobación excluírá calquera outra votación neste punto proclamando a Presidencia o acordo adoptado. A continuación votaranse os votos particulares e emendas parciais pola orde de presentación en rexistro de entrada e finalmente o ditame ou proposición cos votos particulares e emendas parciais aprobados incorporados. O quórum de aprobación dos votos particulares e das emendas, parciais ou a totalidade, será sempre o esixido para o asunto sobre o que versa o ditame ou a proposición.

5. As mocións de urxencia non poderán presentarse emendas, tan só solicitudes verbais na sesión onde se discutan, de modificación do acordo proposto na moción que o autor da mesma poderá estimar ou non, votándose en caso de aceptación o texto coa modificación incorporada.

SECCIÓN 4ª - MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS

Artigo 32.-

Moción é a proposta que se somete directamente, por razóns de urxencia debidamente motivada, ao coñecemento do Pleno sobre asuntos que non figuren na Orde do Día das sesións ordinarias.

As mocións formularanse por escrito dirixido á Alcaldía, rexistrado de entrada no Concello, ou por escrito ou verbalmente na propia sesión ordinaria, antes do punto correspondente a rogos e preguntas.

O número máximo de mocións que poden tramitarse en cada sesión ordinaria pola totalidade dos membros de cada grupo político é de tres. Se o número total das presentadas, por escrito ou verbalmente, exceden dese número, corresponderá ao portavoz do grupo determinar as tres que se tramitan na sesión e a orde de tratamento dentro das que corresponden ao grupo.

No caso dos concelleiros/as non adscritos o número máximo de mocións que poden tramitarse en cada sesión ordinaria pola súa totalidade é de tres. Se o número total das presentadas, por escrito ou verbalmente, exceden dese número, corresponderá ao concelleiro/a non adscrito, se só existe un ou conxuntamente, no suposto de que superase ese número, determinar as tres que se tramitan na sesión e a orde de tratamento dentro das que corresponden a totalidade dos concelleiros/as non adscritos.

Aos efectos anteriores, unha vez que a Presidencia indique que comeza o tratamento das mocións de urxencia, a súa tramitación seguirá a orde expresada no artigo 30.3 deste regulamento para os debates.

As mocións que excedan do número máximo sinalado neste artigo, poden presentarse para a seguinte sesión ordinaria sempre que o portavoz de cada grupo político ou o concelleiro/a non adscrito que as formularan así o manifesten por escrito antes da convocatoria da referida sesión. No caso de que nunha sesión ordinaria queden sen tratar mocións dentro do número máximo permitido debido a duración da sesión, o número das que queden sen tratar non incrementa as da seguinte, aínda que poden presentarse para esa sesión ordinaria sempre que o portavoz de cada grupo político ou o concelleiro/a non adscrito que as formularan así o manifesten por escrito antes da convocatoria da referida sesión.

O tratamento de cada moción, dentro do número máximo asignado, comezará coa lectura íntegra ou en extracto da moción e a xustificación da urxencia polo autor da mesma, dispoñendo dun tempo máximo de cinco minutos para a lectura e xustificación citadas. A continuación votarase a urxencia que requirirá para a súa apreciación o voto favorable da maioría absoluta legal de membros da Corporación. No caso de que o resultado da votación fose positivo comezará o debate da moción que se axustará ao sinalado con carácter xeral no artigo 30 deste regulamento coa salvidade de que procederá tan só unha quenda de intervencións e con unha duración máxima por intervención de 3 minutos.

Artigo 33.-

Rogo é unha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de goberno municipal.

Os rogos formularanse por escrito dirixido á Alcaldía e rexistraranse de entrada no Concello con tres días hábiles de antelación respecto da sesión na que se pretende tratar. Tamén poderase formular verbalmente na propia sesión no punto correspondente a rogos.

O número máximo de rogos que poden tratarse en cada sesión ordinaria, pola totalidade dos membros de cada grupo político é de catro, ao igual que pola totalidade dos concelleiros/as non adscritos. Se o número total dos presentados, por escrito ou verbalmente, exceden dese número, corresponderá ao portavoz do grupo ou ao concelleiro/a non adscrito, se só existe un ou conxuntamente, no suposto de que superase ese número, determinar os catro que se tramitan na sesión e a orde de tratamento dentro dos que lle corresponden.

A orde de tramitación dos rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros/as non adscrito é a expresada no artigo 30.3 deste regulamento para os debates.

Os rogos non poderán ser sometidos a debate ou votación, aínda que si poden ser obxecto dunha contestación polo goberno municipal en caso de que así o estime oportuno, que se producirá na mesma sesión. O tempo máximo para a formulación de cada rogo e, no seu caso, da contestación, será de tres minutos para cada intervención, podendo o concelleiro/a que o formula proceder a unha lectura resumida que posibilite axustarse ao límite temporal citado neste artigo.

A contestación do rogo, de producirse, poderá facela a Presidencia ou un membro do goberno municipal.

Os rogos que excedan do número máximo sinalado neste artigo, poden presentarse para a seguinte sesión ordinaria sempre que o portavoz de cada grupo político ou o concelleiro/a non adscrito que os formularan así o manifesten por escrito antes da convocatoria da sesión. No caso de que nunha sesión ordinaria queden sen tratar rogos dentro do número máximo permitido debido a duración da sesión, o número dos que queden sen tratar non incrementa os da seguinte, aínda que poden presentarse para esa sesión ordinaria sempre que o portavoz de cada grupo político ou o concelleiro/a non adscrito que os formularan así o manifesten por escrito antes da convocatoria da referida sesión.

Artigo 34.-

Pregunta é calquera cuestión formulada aos órganos de goberno.

As preguntas formularanse por escrito dirixido á Alcaldía e rexistraranse de entrada no Concello, con tres días hábiles de antelación respecto da sesión na que se pretende tratar. Tamén poderanse formular verbalmente na propia sesión no punto correspondente á preguntas.

O número máximo de preguntas que poden tratarse en cada sesión ordinaria, pola totalidade dos membros de cada grupo político é de catro, ao igual que pola totalidade dos concelleiros/as non adscritos. Se o número total das presentadas, por escrito ou verbalmente, exceden dese número, corresponderá ao portavoz do grupo ou ao concelleiro/a non adscrito, se só existe un ou conxuntamente, no suposto de que superase ese número, determinar as catro que se tramitan na sesión e a orde de tratamento dentro das que lle corresponden.

A orde de tramitación das preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros/as non adscrito é a expresada no artigo 30.3 deste regulamento para os debates.

Dentro do límite conxunto para as verbais e escritas de catro, as preguntas formuladas verbalmente na sesión, poderán contestarse na mesma sesión ou na seguinte. A estes efectos, se quedan preguntas pendentes de contestar da anterior sesión, a quenda de preguntas comezará coa contestación das mesmas polo grupo de goberno e pola mesma orde prevista no parágrafo anterior.

As preguntas formuladas, dentro do límite conxunto para as verbais e escritas de catro, por escrito coa antelación prevista neste artigo, se contestarán na sesión ordinaria a que correspondan.

As preguntas non poderán dar lugar nin a debate nin a votación e, tanto para a súa formulación como para a súa contestación, disporase de tres minutos, podendo o concelleiro que fai a pregunta proceder a unha lectura resumida da mesma ao efecto de posibilitar a axuste ao límite temporal citado neste artigo. No caso de que nunha sesión ordinaria queden sen tratar preguntas dentro do número máximo permitido debido a duración da sesión, o número das que queden sen tratar non incrementa as da seguinte, aínda que poden presentarse para esa sesión ordinaria sempre que o portavoz de cada grupo político ou o concelleiro/a non adscrito que as formularan así o manifesten por escrito antes da convocatoria da referida sesión.

A contestación das preguntas pode facela a Presidencia ou un membro do goberno municipal.

As preguntas que excedan do número máximo sinalado neste artigo, poden presentarse para a seguinte sesión ordinaria sempre que o portavoz de cada grupo político ou o concelleiro/a non adscrito que as formularan así o manifesten por escrito antes da convocatoria da referida sesión.

DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA.- COMUNICACIÓN, PUBLICACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril".-----

314 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA DATA DE REALIZACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO CONCELLO PLENO : Polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 24 de Setembro actual.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, indicou que votaría a favor da proposta, pero pediu que se explicara a motivación da mesma, xa que se ía cambiar o día da sesión utilizado dende facía catorce anos.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que xa explicou a motivación en comisión, non obstante o cal engadiu que viña debida a que o Concello ten unha senadora en Madrid, o que antes non se produciu e que obriga a reconsiderar o día de celebración das sesións dos plenos para permitir a súa asistencia.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que tódalas propostas deben motivarse para evitar que pareza que se votan os asuntos por votar, aínda que están a favor do cambio de data.

A **Sra. Alcaldesa** lembrou que este tema tamén tratouse na sesión anterior e que actuaría igual aínda que afectara a outro Grupo Político, como xa amosou cando se cubriu o posto vacante da Mancomunidade que correspondíulle ao **BNG**

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a votación o contido da proposta que foi aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

“Modificar a data de realización das sesións ordinarias do Concello Pleno que serán o último LUNS dos meses de XANEIRO, MARZO, MAIO, XULLO, SETEMBRO E NOVIEMBRE ás vinte horas e trinta minutos (20,30 horas)”.-----

315 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE DÚAS PARCELAS EN XUNCABLANCA E ALTAMIRA (VILALONGA) PASANDO A SÚA CUALIFICACIÓN DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO A BENS PATRIMONIAIS : Polo Sr. Secretario dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 24 de Setembro actual.

Ao non producirse debate a **Sra. Presidenta** someteu a votación o contido da proposta que foi aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

“PRIMEIRO: Alterar a cualificación xurídica dos bens deste concello que a continuación descríbense pasando a súa cualificación de Bens de Dominio Público a **Bens Patrimoniais:**

- **Parcela de 407 m²**, de titularidade do Concello de Sanxenxo, segregada mediante acordo plenario de data 28-VII-2.009 da finca rexistral 43.067 do Rexistro de Propiedade de Cambados, sita en Xuncablanca-Villalonga e que linda ao norte e oeste co resto da finca rexistral 43.067 resultante da segregación citada e ao sur e este coa estrada autonómica PO-550.

- **Parcela de 412 m²**, de titularidade do Concello de Sanxenxo, restante da parcela rexistral 38.377 do Rexistro de Propiedade de Cambados que foi obxecto de segregación efectuada mediante acordo plenario de data 28-VII-2.009, sita na rúa Altamira-Villalonga e que linda ao norte e oeste coa estrada autonómica PO-550 e ao sur e este coas dúas parcelas segregadas da finca rexistral 38.377 e co vial C do Solo Urbanizable A-27.

SEGUNDO: Rectificar o Inventario de Bens do Concello de Sanxenxo adecuándoo a nova cualificación xurídica das parcelas descritas no punto primeiro deste acordo”-----

316 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CESIÓN GRATUÍTA Á XUNTA DE GALICIA DA PARCELA OCUPADA POLO CENTRO DE SAÚDE DE BALTAR : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais, de data 24 de Setembro actual.

Ao non producirse debate a **Sra. Presidenta** someteu a votación o contido da proposta que foi aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Segregar da finca matriz denominada **Vicaño-Baltar**, inscrita no rexistro de Cambados co número 6.185, tomo 430, folio 48, libro 65 a seguinte parcela ocupada polo **Centro de Saúde de Baltar-Adina** :

*** Parcela de 2.564 m²,sita en Baltar-Adina que linda ao Norte con zona verde municipal incluída na finca matriz, ao Este coa rúa Pontevedra, ao Sur coa avenida de Galicia (estrada comarcal PO-308) e ao Oeste coa rúa Baltar.

SEGUNDO : Ceder gratuitamente a **Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade** -*Servizo Galego de Saúde*- a seguinte parcela ocupada polo Centro de Saúde de Baltar-Adina:

*** Parcela de 2.564 m²,sita en Baltar-Adina que linda ao Norte con zona verde municipal incluída na finca matriz, ao Este coa rúa Pontevedra, ao Sur coa avenida de Galicia (estrada comarcal PO-308) e ao Oeste coa rúa Baltar.

TERCEIRO : No suposto de que o inmovible deixara de prestar servizo como Centro de Saúde reverterá ao Concello de Sanxenxo.

CUARTO : Facultar a **Sra. Alcaldesa, D^a Catalina González Bea**, para a sinatura de cantos documentos e escrituras fosen necesarios para a execución deste acordo.

QUINTO : Dar conta deste acordo a Xunta de Galicia a efectos de cumprir o disposto no art. 109.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.-----

317 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 10 DE “ESPAZOS LIBRES DE USO E DOMINIO PÚBLICO” - Aprobación Inicial : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura ao ditame da Comisión de Estudo, Informe e Consulta de Urbanismo, de data 24 de Setembro actual

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, aínda que dixo que ía a votar en sentido favorable a proposta, indicou que no seu día pediu por escrito e, posteriormente, deixóuselle ver o avance-proxecto do que se pretende facer e, en tal documento, non ve claro que a vista da praia de Baltar e da parte do plano da auga correspondente non fosen afectadas pola construción, porque, se así fose, votaría en contra dado o carácter turístico deste Concello.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, subliñou que era público que o obxecto da modificación era permitir a construción dunha instalación para o clube de piragüismo e afirmou que despois de todo o dito en canto os inconvenientes urbanísticos esperaban que xa fora esta a solución definitiva e que non se voltara a vender esta ubicación.

A Sra. **Alcaldesa** dixo que a proposta do Partido Popular para a instalación do clube de piragüismo foi a única viable e non foi posible pola actuación doutras administracións, engadindo que sempre creeu que a parcela de Baltar era demasiado pequena para ubicar esta instalación, ao buscarse unha solución consensuada co clube de piragüismo e que permitía a construción na citada parcela, apoiarán esta posibilidade.

O Sr. **Otero Domínguez** condicionaba o seu voto favorable a que esta actuación sexa, por fin, real, téndose que explicar noutro momento o sucedido coas opcións anteriores.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo** votará en senso positivo coa idea de que o tellado da instalación sexa un miradoiro público e que non se vexa alterada a visión do plano da auga e da praia.

A Sra. **Alcaldesa** sinalou que o indicado na anterior intervención era inevitable pola aplicación da normativa urbanística.

O Sr. **Secretario** explicou que na redacción do ditame da Comisión de Urbanismo respecto deste asunto produciuse un erro de transcripción e se incluíu nel a proposta do Xerente de Urbanismo, cando o ditaminado foi a proposta da Alcaldía que, practicamente, se atopaba nos mesmos termos e que a continuación se transcribe literalmente:

“A proposta do xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, é preciso establecer de forma clara as condicións de uso dos espazos libres, de uso e dominio público, regulados pola ordenanza núm. 10 do P.X.O.M. e especificamente o uso de “áreas de deporte non regrado” que se establecen na ordenanza para definir, de forma clara, que tipos de instalacións se permiten. Para iso é preciso aprobar unha modificación puntual do P.X.O.M.

A citada proposta de modificación foi informada favorablemente no consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que tivo lugar o 20 de agosto de 2009.

Deste xeito, nas condicións de uso da ordenanza nº 10, de “*espazos libres de uso e dominio público*”, na que se reflicten as instalacións compatibles dentro destas zonas, o parágrafo segundo quedaría redactado do seguinte xeito:

“” Xogos ó aire libre e áreas de deporte non regrado; e neste último caso admitiríanse instalacións deportivas cos correspondentes servizos necesarios para a súa práctica (vestiarios, aseos, ximnasio, etc.) e sempre que esta instalación este xustificada súa implantación dentro do espazo libre de uso e dominio público por súa situación adecuada ó medio circundante. En ningún caso se autorizarán instalacións deportivas propias das dotacións deportivas (pavillóns, piscinas cubertas, etc.)””

Analizado o expediente cos informes que figuran no mesmo, e as razóns de interese público, esta alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente a modificación puntual do P.X.O.M. de Sanxenxo en canto ó texto da ordenanza nº 10 “*Espazos libres de uso e dominio público*” de xeito que o parágrafo segundo das condicións de uso sobre as instalacións compatibles dentro destas zonas, quedando redactado así:

“” Xogos ó aire libre e áreas de deporte non regrado; e neste último caso admitiríanse instalacións deportivas cos correspondentes servizos necesarios para a súa práctica (vestiarios, aseos, ximnasio, etc.) e sempre que esta instalación este xustificada súa implantación dentro do espazo libre de uso e dominio público por súa situación adecuada ó medio circundante. En ningún caso se autorizarán instalacións deportivas propias das dotacións deportivas (pavillóns, piscinas cubertas, etc.)””

SEGUNDO.- Someter a información pública durante o prazo de un mes a presente aprobación, mediante anuncio no BOP, no DOG, e en dous dos xornais de maior difusión da provincia.

TERCEIRO.- Dar audiencia ós concellos limítrofes polo mesmo prazo e solicitar das administracións competentes os informes sectoriais que se estimen necesarios”

Ao non producirse máis intervencións a **Presidencia** someteu a votación o contido da proposta transcrita anteriormente que foi aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes e, en consecuencia, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo :

PRIMEIRO : Aprobar Inicialmente a modificación puntual do P.X.O.M. de Sanxenxo en canto ó texto da **Ordenanza Nº 10 “Espazos libres de uso e dominio público”** de xeito que o parágrafo segundo das condicións de uso sobre as instalacións compatibles dentro destas zonas, quedando redactado así:

“”Xogos ó aire libre e áreas de deporte non regrado; e neste último caso admitiríanse instalacións deportivas cos correspondentes servizos necesarios para a súa práctica (vestiarios, aseos, ximnasio, etc.) e sempre que esta instalación este xustificada súa implantación dentro do espazo libre de uso e dominio público por súa situación adecuada ó medio circundante. En ningún caso se autorizarán instalacións deportivas propias das dotacións deportivas (pavillóns, piscinas cubertas, etc.)””

SEGUNDO : Someter a información pública durante o prazo de un mes a presente aprobación, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia, e en dous dos xornais de maior difusión da provincia.

TERCEIRO : Dar audiencia ós concellos limítrofes polo mesmo prazo e solicitar das administracións competentes os informes sectoriais que se estimen necesarios.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

318 : DACIÓN CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOLICITANDO Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA, A SUBVENCIÓN PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS (PLAN CONCERTADO 2009) : Polo Sr. secretario dáse conta da resolución da alcaldía do 18/05/09 que literalmente di:

“Vista a Orde do 1 de abril de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, e o Programa elaborado polos Servizos Sociais Comunitarios do Concello, na forma que se describe na Memoria.

Visto igualmente o informe emitido pola Intervención Xeral relativo á existencia de crédito presupostario para aportar por este Concello ao custo previsto dos diferentes programas.

Esta Alcaldía en uso das atribucións legais, **RESOLVE**:

PRIMEIRO: Solicitar á Concellería de Traballo do Benestar da Xunta de Galicia ao abeiro do disposto na Orde de 1 de abril de 2009, as subvencións “que se dirán” para a prestación dos Servizos Sociais e a realización dos Programas, e coas aportacións Municipais que tamén se indican, seguintes:

. PERSOAL SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS :

Traballadores Sociais: 2 profesionais

Presuposto Total Previsto.....	63.389,35€
Aportación Municipal Prevista.....	20.918,48€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	42.470,87€

Auxiliar Administrativo:

Presuposto Total Previsto.....	18.588,90€
Aportación Municipal Prevista.....	4.647,23€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	13.941,67€

Ordenanza:

Presuposto Total Previsto.....	17.913,55€
Aportación Municipal Prevista.....	4.478,38€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	13.435,17€

. PROGRAMA MANTEMENTO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS:

Presuposto Total Previsto.....	26.000,00€
Aportación Municipal: Diferencia entre o importe da subvención que se conceda e o custo total.	

. PROGRAMA SERVIZO AXUDA NO FOGAR:

Presuposto Total Previsto como Prestación Básica do Plan Concertado.....	36.000,00€
Presuposto Total Previsto para Persoas Dependentes Valoradas.....	253.080,00€
Presuposto Total Previsto	289.080,00€
Aportación Municipal Prevista.....	25.000,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	264.080,00€

. PROGRAMA MUNICIPAL DE PRESTACIÓNS ECONÓMICAS:

Presuposto Total Previsto.....	24.000,00€
Aportación Municipal Prevista.....	9.000,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	15.000,00€

. PROGRAMA DE APOIO A CONVIVENCIA, PAIFILLONAI:

Presuposto Total Previsto.....	52.800,00€
Ingresos Previstos	26.000,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	26.800,00€

. PROGRAMA DE PREVENCIÓN COIDANDO AO COIDADOR

Presuposto total Previsto.....	10.700,00€
Aportación Municipal Prevista.....	2.500,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	8.200,00€

-PROGRAMAS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESPECÍFICOS:**. PROGRAMAS NA ÁREA DAS PERSOAS MAIORES:****PLAN MUNICIPAL DAS PERSOAS MAIORES:**

-Actividade Física e Deporte para ós maiores.....	19.661,80€
-Taller de Memoria.....	22.277,02€
-Festa do Entroido.....	7.526,00€
Presuposto Total Previsto.....	49.464,82€
Aportación Municipal Prevista.....	20.000,00€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	29.464,82€

CENTRO DE DÍA MUNICIPAL DE SANXENXO:

Presuposto Total Previsto.....	396.675,86€
Aportación Municipal Prevista (incluída aportación usuarios).....	234.291,31€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	162.384,55€

. PROGRAMAS NA ÁREA DA DISCAPACIDADE:

- Programa de apoio normalizado de transporte adaptado (ANTA).....	52.335,01€
- Actividade Física Adaptada.....	4.500,00€
Presuposto Total Previsto.....	56.835,01€
Aportación Municipal Prevista	4.335,01€
CONTÍA SUBVENCIÓN A SOLICITAR.....	52.500,00€

SEGUNDO: Aprobar a realización dos Programas, de mantemento dos Servizos Sociais e de inversión, citados.

TERCEIRO: Aos efectos do disposto no artigo 11 Punto 1 apartado 1.1 a) da Orde de referencia, faise constar que a prestación dos Servizos que se prorrogan para este exercicio 2009, continúanse prestando nas mesmas condicións do ano 2008.””

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, aludiu a que a petición inicial de subvención foi obxecto de cinco requirimentos por parte da Consellería de Traballo e agora se alude a un erro informático para xustificar que esta subvención veña ao pleno actual, o que lle parece extraño.

A Sra. **Alcaldesa** indicou que gustaríalle que o Sr. Otero Domínguez vira o volume de traballo que se realiza en Servizos Sociais e que provoca que, en algunhas ocasións, as solicitudes vaian ao límite do prazo e coa ausencia dalgúns documentos que é imposible ter na data de remisión das instancias.

A Corporación dáse por enterada da resolución transcrita anteriormente.-----

319 : POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA (DE RES. Nº 756/09 Á Nº 978/09) : A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación dáse por enterada.-----

Nestre intre e con permiso da Presidencia incorporase á sesión a Concelleira do Grupo Municipal do B.N.G. D^a. Gloria González Camiña, quen pasa a ocupar seu Escano, sendo as vintedúas horas.-----

Seguidamente e, antes de pasar ó punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a trata-las seguintes

MOCIÓNS :

320 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE LEVEN A CABO DIVERSAS OBRAS DE MELLORA NA ESTRADA BARREIRO – RECAREI NA PARROQUIA DE DORRÓN (R. DE ENTRADA NÚM. 6416 DO 18.09.09) : Polo **Sr. Secretario** dáse lectura a moción que literalmente di :

“””””O Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo (PSdeG-PSOE) do Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e polo disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN

Na parroquia de Dorrón estase executando unha estrada dende Barreiro a Recarei. Dita estrada é necesaria a seu acondicionamento antes de que chegue o inverno debido a que coa chuvia correríase un grave perigo de desprendementos e inundacións.

É necesario facer un estudo do impacto acústico que está ocasionando estas obras nas casas dos veciños de Dorrón.

Nesta zona de Dorrón os veciños non dispoñen de internet, que por outro lado é unha auténtica demanda por parte dos veciños, sendo na actualidade unha ferramenta moi importante na sociedade. É necesario que nas canalizacións que se van a levar ó longo da estrada de Barreiro-Recarei se inclúa a fibra óptica para que os veciños de Dorrón dispoñan do servizo de internet.

ACORDO :

1.- Que o Concello de Sanxenxo faga as xestións necesarias para :

- Garantir a seguridade da estrada Barreiro-Recarei sen que as chuvias ocasionen desprendementos e inundacións na zona.
- Incluír a fibra óptica nas canalizacións.
- Reducir o impacto acústico que ocasionan esta estrada nas vivendas dos veciños de Dorrón”””””.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, xustificou a urxencia en que as obras xa se estaban executando e o inverno está próximo.

A Sra. Alcaldesa aludiu a que o seu grupo votaría en contra dado que a moción incluía modificacións dunha obra que non están no proxecto e engadiu que a seguridade da obra está garantida polo estudo que figura incluído no proxecto.

A Sra. Aguín Pombo dixo que non sería a primeira vez en que se introducían modificacións nas obras que se estaban executando e tratábase de dar un servizo do que non dispoñían os veciños desta zona.

A Sra. Alcaldesa reiterou os argumentos expostos na anterior intervención e engadiu, ademais, que unha empresa estaba dotando de fibra óptica ao termo municipal.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, interviu para precisar que votaría a favor da urxencia da moción pero que co novo regulamento orgánico, para que esta prosperase, necesitaría maioría absoluta.

A continuación a Sra. Alcaldesa someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que non foi apreciada ao obter **7 votos a favor do Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto e 9 votos en contra do Grupo Municipal do P.P.**-----

321 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE SE INCLÚAN NO PLAN DE INVERSIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, A CONSTRUCIÓN DE ACERAS NO ESTRADA DA VICHONA A DADÍN (R. DE ENTRADA NÚM. 6492 DO 22.09.09) : Polo Sr. Secretario dáse lectura a moción que literalmente se transcribe :

“””””O Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo (PSdeG-PSOE) do Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e polo disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN

A estrada da vichona ata Dadín fai moitos anos que necesita unhas aceras, por outra parte é unha demanda dos veciños dende fai moitos anos.

Esta estrada ten moito tráfico de vehículos. Por outra parte é unha estrada moi utilizada polos peóns tendo en contra a proximidade de importantes establecementos hoteleiros situados na zona que obriga os peóns a transitar polas cunetas sendo un auténtico

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO :

Que o Concello de Sanxenxo inclúa estas obras dentro do recién aprobado Plan de Inversión da Deputación Provincial de Pontevedra”””””.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, xustificou a urxencia na necesidade da obra e a posibilidade de incluíla, en prazo, dentro do plan da Deputación.

A Sra. Alcaldesa precisou que votaría en contra posto que xa estaban ultimando o proxecto da actuación que ían remitir á Deputación, non obstante tomaba conta da petición de execución destas obras.

A continuación a Sra. Alcaldesa someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que non foi apreciada ao obter **7 votos a favor do Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto e 9 votos en contra do Grupo Municipal do P.P.**-----

**322 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (P.P.)
PARA QUE SE SOLICITE Á ADMINISTRACIÓN CENTRAL E OUTROS
ORGANISMOS PARA QUE APOIEN ÓS CONCELLOS CON RECURSOS
FINANCEIROS PARA QUE PODAN SEGUIR PRESTANDO SERVIZOS SANITARIOS,
EDUCATIVOS, ETC. (R. DE ENTRADA NÚM. 6689 DO 29.09.09) : Polo Sr. Secretario
dáse lectura a moción que literalmente se transcribe :**

“”””D. Ángel Casal Moldes, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Sanxenxo eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate e toma en consideración a seguinte

MOCIÓN

Os concellos en España, dende hai anos, e cada vez con máis intensidade, veñen ofertando ós veciños, pola súa condición de Administración próxima e accesible para os cidadáns, infinidade de servizos e prestacións. A prestación de moitos destes servizos, por unha cuestión competencial e mesmo, nalgúns casos, por lei, non lle corresponde ós concellos, si ben os veñen prestando igualmente para que os beneficiarios dos mesmos non se vexan prexudicados nin desamparados. Poderíamos poñer como exemplos desto o cumprimento da Lei de Dependencia ou moitas cuestións educativas e sanitarias.

Os concellos en ningún momento deixaron de prestar estes servizos porque entenden que son imprescindibles, sobre todo cando se trata de estratos de poboación en especial situación de desprotección ou de vulnerabilidade. Pero o que é evidente é que o incremento de servizos por parte das administracións locais non veu acompañado do financiamento preciso para o seu desenvolvemento, de aí que existan auténticas quebras orzamentarias nas contas dos consistorios.

Os principais recursos financeiros dos que se nutren as arcas municipais son o Imposto sobre as Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.) e a Participación Municipal nos Tributos do Estado (P.M.T.E.). O primeiro deles, que foi incorporado pola Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, xa foi, no seu día, un intento por parte do Estado de compensar, en certo modo, a unhas administracións municipais que non contaban cos recursos necesarios para sufragar os gastos derivados da súa actividade, tanto da propia como da asumida.

A semana pasada, un xornal de tirada nacional especializado en temas económicos publicaba as declaracións da ministra de economía das expectativas do Goberno nacional no que a recadación se refire, para o próximo exercicio orzamentario.

Tamén do seu impacto na redistribución desa recadación coas entidades locais, sinalando de xeito literal que **“ha llegado el momento de que los ayuntamientos empiecen a sufrir, aunque sea mínimamente, las consecuencias de la crisis económica”**. Estas previsións, segundo moitos analistas e especialistas económicos pode roldar o 30% de diminución na Participación Municipal nos Tributos do Estado.

Foron moitos os senadores que reprocharon ó Goberno o atraso na discusión do novo marco de financiamento local ata 2011, xa que os concellos españois están, a 2009, endebedados en 32.677 millóns de euros.

Ante o asombro polas declaracións da ministra Elena Salgado e a situación insostible actual que están a sufrir os concellos e a perspectiva de que non se lle vaia dar solución a esta situación, a lo menos a corto prazo, o grupo municipal do Partido Popular de Sanxenxo, propón á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

- Que se faga un estudio serio, por parte da Administración Central do grao de prestación de servizos por parte dos concellos que realmente non lle son propios, senón que entran no rango competencial doutras administracións, pero que o cese nesa prestación prexudicaría gravemente a moitos cidadáns, sobre todo a aqueles nunha maior situación de vulnerabilidade.
- Que se adopten medidas urxentes, por parte da Administración Central, dirixidas a paliar a especial situación de gravidade orzamentaria que están a sufrir os concellos.

O **Sr. Otero Domínguez**, aínda que dixo que este non era o momento de suxerencias, sinalou que apoiarían a moción do PP se se incluía nela o apuntado na intervención anterior da Sra. Alcaldesa.

A continuación a **Sra. Alcaldesa** indicou que incluía na moción a debate os puntos da moción do BNG presentada para esta sesión sobre este mesmo tema, referentes a garantir para o 2009 e 2010 que non se recorten as cantidades previstas para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia e a dación de conta do acordo ao goberno da Xunta de Galicia e os grupos políticos do Parlamento Galego quedando a moción na súa parte dispositiva coa redacción definitiva que se transcribe a continuación:

- “Que se faga un estudio serio, por parte da Administración Central do grao de prestación de servicios por parte dos concellos que realmente non lle son propios, senón que entran no rango competencial doutras administracións, pero que o cese nesa prestación prexudicaría gravemente a moitos cidadáns, sobre todo a aqueles nunha maior situación de vulnerabilidade.
- Que se adopten medidas urxentes, por parte da Administración Central, dirixidas a paliar a especial situación de gravidade orzamentaria que están a sufrir os concellos.
- Que non só non diminúan as transferencias que reciben os concellos por parte do Estado, senón que estas se vexan incrementadas de xeito proporcional ás necesidades dos mesmos por mor dos servicios que están a prestar na actualidade.
- Que se inste á FEGAMP a posicionarse públicamente, de xeito decidido e sen dilacións, en defensa do municipalismo e dos intereses dos cidadáns, sobre todo dos máis desfavorecidos, esixindo ó Goberno a adopción das medidas especificadas nesta moción.
- Que se inste, igualmente, á FEMP a posicionarse públicamente, de xeito decidido e sen dilacións, en defensa do municipalismo e dos intereses dos cidadáns, sobre todo dos máis desfavorecidos, esixindo ó Goberno a adopción das medidas especificadas nesta moción.
- Que se dea traslado deste acordo á Sra. Ministra de Economía e ó Sr. Presidente do Goberno de España.
- Garantir para o 2009 as cantidades previstas para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local e non recortar a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2010.
- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”

Finalmente, a **Sra. Presidenta** someteu a moción anteriormente descrita a votación, resultando aprobada por maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, ao darse o seguinte resultado:

Votos a favor : catorce (Grupo Municipal do P.P., Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Mixto)

Votos en contra : cero

Abstencións : dous (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

323 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (P.P.) PARA QUE SE SOLICITE DO MINISTERIO DE AGRICULTURA SE PRESERVE A VARIETADE ALBARIÑO PARA USO EXCLUSIVO POR AQUELES VIÑOS AMPARADOS A DENOMINACIÓN DE CALIDADE (R. DE ENTRADA NÚM. 6690 DO 29.09.09) : Polo Sr. Secretario dáse lectura a moción que literalmente se transcribe :

“”””D. Ángel Casal Moldes, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Sanxenxo eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate e toma en consideración a seguinte

MOCIÓN

A nova O.C.M. Vitivinícola tén previsto, no seu artigo 50.2.b do Capítulo IV, a posibilidade da preservación de certas variedades de uva na elaboración do viño. Esta norma otorgará a cada Estado membro a posibilidade de impedir que no etiquetado dos viños se mencione certa variedade que, en función dunha serie de criterios obxectivos, será excluída e, polo tanto, preservada.

O criterio esencial esixido pola normativa comunitaria para a preservación das variedades é que “exista risco de confusión para os consumidores sobre el auténtico orixe do vino debido a que a variedade de uva é parte integrante de una Denominación de Orixe o Indicación Geográfica”.

No caso da DO Rías Baixas, a variedade Albariño é a súa variedade principal. Dende os seus inicios, a DO foi da man da súa variedade máis emblemática non só a nivel de produción senón tamén a nivel de prestixio e identificación do consumidor.

Dos 18.736.895 quilos producidos no ano 2007 polas variedades da D.O. Rías Baixas nos 34.967.392 metros cadrados (3.496,73 hectáreas) das súas subzonas de O Condado, O Rosal, Ribeira do Ulla, Soutomaior e O Salnés, 17.709.572 quilos corresponden á variedade Albariño, 366.544 á de Treixadura e só 314.522 quilos á variedade de Loureira.

Respecto da plantación, as hectáreas rexistradas nas subzonas son: 3.175 da variedade Albariño, 217 da Loureira e 104 da Treixadura.

A base social e económica do Albariño afecta a máis de 6.000 persoas que viven, directa ou indirectamente, dun sector que é o segundo, trala Pesca, en importancia en moitas das anteditas comarcas.

Polas anteditas razóns, sometemos á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Instar ó Ministerio de Agricultura que, no desenvolvemento regulamentario da O.C.M. vitivinícola, preserve a variedade Albariño para uso exclusivo por aqueles viños amparados a Denominación de Calidade que teñan esta variedade contemplada nos seus regulamentos, como é o caso da D.O. Rías Baixas que no artigo 2 do seu regulamento di textualmente que **“a protección otorgada ampara exclusivamente o nome da variedade Albariño, que únicamente poderá utilizarse en viños obtidos a partir de uva desta variedade, que cumplan os requisitos establecidos no presente regulamento”**

2.- Instar ó Ministerio de Agricultura, así mesmo, para que nesa preservación faga especial fincapé na negativa do uso da variedade Albariño nos viños de mesa.

A **Sra. Alcaldesa** explicou que entendía o fondo da moción dado que se cambiaba un sistema de pagamento que levaba funcionando moitos anos. Non obstante lembrou que no seu día se creou unha asociación de vendedores da praza de abastos que tiña por obxecto mellorar a prestación do citado servizo, que houbo moitas reunións e tratouse de actuar consensuadamente con eles para afrontar os necesarios cambios, entre os que se atopaba o de pagar por mes e non por día, citando a continuación as reducidas cantidades das cotas a pagar, tendo en conta que, evidentemente, estas non financian integramente o custo do servizo e que, se seguira o sistema de abono por día, obrigarían a que unha persoa fora en cada data a tomar conta dos asistentes para o cobro. Reiterou que o único que fixo foi seguir as reclamacións das asociacións de praceiros e aludiu a que se algún día actuou a Policía Local foi polo incumprimento da normativa municipal, pero que, evidentemente, non existía persecución a ninguén e que, agás nunha ocasión, reuniuse cos interesados por este tema. Por último pediu un respecto para a actuación da concelleira que o único que fixo foi traballar con dedicación para buscar unha mellor xestión dun servizo nun asunto que non era cómodo, sen que se dera o comportamento citado pola voceira do grupo socialista, pregando que non se seguira coas expresións demagóxicas.

A **Sra. Aguin Pombo** resaltou que había moita xente do colectivo que non se sentía representada pola asociación e que, en moitas ocasións, as asociacións eran utilizadas por unha ou dúas persoas, poñendo en dúbida a súa representatividade. Aludiu a que as vendedoras queixábanse de que terían que pagar 30 euros ao mes e ás veces só lo ían 1 día, neste intre entrevistou a **Sra. Alcaldesa** para precisar que o custo dun posto nas bancadas ascendía aproximadamente a 18 euros ao mes e que con esta cantidade non daba para pagar nin o material de limpeza que se ía utilizar, lembrando que o abono por día incrementaba os custos ao ter que destinar unha persoa por cada data de celebración de mercado. A **Sra. Aguin Pombo** voltou a tomar a palabra para abogar polo diálogo neste asunto e indicar que as formas non debían perderse, polo que, dixo que debían recibir ás interesadas e tratar de chegar a un acordo.

A **Sra. Alcaldesa** aclarou que ela non se pechaba en banda e falaba con quen llo pedira e así o fixo neste asunto, agás nunha ocasión coas vendedoras de verduras, polo que, non era un problema de diálogo. Defendeu a bondade da asociación e da súa representatividade e as persoas que se queixen desta o que terían que facer é ir era as reunións da propia asociación, pero sempre respectando á maioría. Finalmente rexeitou os termos utilizados por atopalos demagóxicos.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo**, como na anterior intervención, reiterou que era moi difícil pronunciarse se ben, ante a non intervención da concelleira aludida, podería interpretar que a que cala, outorga.

A **Sra. Alcaldesa** precisou que a concelleira interesada non ía intervir, a petición súa para evitar malos entendidos, pero recalcou que en ningún caso houbo maltrato e o que si se produxo foi un gran traballo pola súa parte, tendo que aguantar, a súa vez, os termos cos que se dirixen a ela.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a Moción, dándose o seguinte resultado :

Votos a favor : dous (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

Votos en contra : nove (Grupo Municipal do P.P.)

Abstencións : cinco (Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Mixto)

En consecuencia non resultou aprobada a presente moción.-----

325 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO PARA QUE O CONCELLO INCLÚA DENTRO DO RECIÉN APROBADO PLAN DE INVERSIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, A OBRA DO TRAMO DA ESTRADA QUE VAI DO RÍO NOVO EN BARBEITO ATA O NOVO CRUCE DA ESTRADA DE ADINA, SEXA ASFALTADO (R. DE ENTRADA NÚM. 6692 DO 29.09.09) : Polo Sr. Secretario dáse lectura a moción que literalmente se transcribe :

“”””O Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo (PSdeG-PSOE) do Concello de Sanxenxo a través da súa voceira Dulcinea Aguín Pombo e polo disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN

En Xaneiro de 2008 o PSdeG-PSOE presentou unha moción que decía :

A estrada da Adina, concretamente dende o tramo do Río Novo, pasando polo cruceiro de Barbeito ata o novo cruce, ten un asfaltado en moi mal estado, a inexistencia de beirarrúas e outras existentes en moi mal estado, así como a afundimento das tapas de rexistro do alcantarillado. Estas deficiencias son un grave perigo para os viandantes así como para o seus usuarios de dita carretera.

Esta estrada é de unha gran importancia para o concello de Sanxenxo, comunica dous gran núcleos de poboación, Portonovo e Adina.

Polo que instamos a Diputación de Pontevedra para que dito tramo sexa asfaltado nun prazo breve de tempo, dotando de beirarrúas e reparando as deficiencias existentes. Esta moción foi rexeitada polo Grupo de Goberno do PP.

Tendo en cota o recién aprobado Plan de Inversións da Diputación de Pontevedra.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte :

ACORDO :

1. Que o Concello de Sanxenxo inclúa estas obras dentro do recién aprobado Plan de Inversións da Diputación de Pontevedra””””.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, xustificou o sentido da moción pola necesidade das obras e polo prazo de petición das actuacións a incluír no plan da Deputación.

A Sra. Alcaldesa indicou que votarían en contra dado que xa estaban realizando o seu propio proxecto para incluír no plan da Deputación e engadiu que si a moción fose plantexada noutros termos a poderían aprobar, xa que trátase dunha obra nunha estrada provincial que hai que procurar que a arranxe este organismo.

A continuación a **Sra. Alcaldesa** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que non foi apreciada ao obter **7 votos a favor do Grupo Municipal do B.N.G., Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Mixto e 9 votos en contra do Grupo Municipal do P.P.**-----

326 : MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.) SOBRE MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS : Polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Otero Domínguez, dáse lectura a moción que literalmente di:

“”””D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

E X P Ó N :

A crise económica está a supoñer unha forte redución de ingresos por parte das administracións públicas. Nos concellos, esta merma provoca un grave deterioro financeiro, o que sumado ao estrutural raquitismo do financiamento local, provoca tamén situacións próximas á bancarota en moitos concellos. Polo tanto, compre adoptar medidas, tanto de carácter mais urxente e conxuntural como outras de carácter estrutural de cara a garantir unha estabilidade orzamentaria nos concellos que lles permita prestar de xeito eficaz os servizos que lle son encomendados.

Doutra banda, a Xunta de Galiza ten feito mención a unha redución do capítulo de impostos indirectos e de taxas e prezos, como consecuencia da actual situación de grave crise económica. Dende o BNG consideramos que tal redución non debe afectar aos ingresos que reciben os concellos mediante o Fondo de Cooperación Local, polo que é necesario garantir que este ano os concellos reciban as cantidades previstas a tal efecto.

No mesmo sentido, é prioritario que o Goberno do Estado elabore un Plan que, ante a forte redución de ingresos públicos provocados pola crise, se garanta o gasto corrente aos concellos, e no suposto de liquidacións negativas na Participación de Ingresos do Estado que se aplique unha moratoria.

Por último, con respecto ao modelo de financiamento local, os concellos galegos, que representan aproximadamente o 6,5 % da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mentres os concellos de Galiza reciben 176,54 euros por habitante, a media no conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: só ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galiza son máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación. Neste sentido cómpre recordar que Galiza conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000; e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos.

Polo tanto, con carácter estrutural, é necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado. Así, demandamos a integración plena da transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galiza, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

Por todo isto, o BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Garantir para o 2009 as cantidades previstas para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local e non recortar a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2010.

2. A que demande do Goberno do Estado que elabore un Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e un sistema de moratorias no suposto de liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado.

3. A que demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da participación nos ingresos do Estado, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

4. Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza """".

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia pola necesidade da revisión do financiamento local.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción que foi aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que na situación de crise actual e sendo os concellos a administración máis próxima aos cidadáns necesítase que estes teñan unha real autonomía financeira e mais cando Galicia ten características particulares que incrementan o problema como é o envellecemento da poboación e a gran cantidade de núcleos existentes, polo que é urxente abordar a reforma do financiamento local garantindo ao mesmo tempo os ingresos existentes. Non obstante o anterior, aludiu a que tamén había que ser responsables no uso dos fondos públicos e lembrou que en épocas pasadas,coa ocasión da bonanza urbanística,pensaron que existía unha independencia económica e non era así.

A **Sra. Alcaldesa** amosouse a favor da moción pero non do último que dixo o voceiro do BNG. Explicou que se o Concello tivo unha situación favorable foi porque se aprobou e desenvolveu o PXOM e agora paralizouse, non precisamente, por culpa do Concello, ademais os ingresos obtidos se aproveitaron para adquirir patrimonio e dotar aos veciños de servizos que outros concellos non teñen. A culpa da situación actual non é dos concellos senón dos que non se dan conta do que sucede e non afrontan a reforma do financiamento local. Mentres tanto, hai que tratar de manter os servizos existentes cos ingresos actuais, o que non é fácil.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a Moción, que foi aprobada por maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, ao darse o seguinte resultado :

Votos a favor : catorce (Grupo Municipal do P.P., Grupo Municipal do B.N.G. e Grupo Municipal Mixto)

Votos en contra : cero

Abstencións : dúas (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo)

PREGUNTAS

A continuación a **Sra. Presidenta** indicou que se procedería, a contestar en primeiro lugar as preguntas que quedaron pendentes da sesión celebrada o día **26.05.09**

1ª) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 21.05.09 (R. DE ENTRADA NÚM. 3067) : Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto e representante do VIPS, D. José – Luis Rodríguez Lorenzo, dáse lectura ás preguntas, que literalmente di :

“””” José L. Rodríguez Lorenzo representante por el VIPS (Veciños Independentes por Sanxenxo) en la Corporación , manifiesta:

Es evidente que el Concello de Sanxenxo está gastando una parte de sus recursos en acciones judiciales que llevan a término despachos de abogados y procuradores externos, independientemente de la parte que se tramita por la administración municipal, por lo que formulo a los efectos de su contestación ante la Corporación , la siguiente:

P R E G U N T A

¿Puede decirme las cantidades desembolsadas por las arcas municipales para pagar abogados y procurados, así como cualquier otro pago relacionado con las acciones llevadas a cabo ante las diversas instancias judiciales por parte del Ayuntamiento de Sanxenxo en los años 2005, 2006, 2007 y 2008?.

